



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "A SOLAINA"
R/ CARDENAL CISNEROS S/N
15570 NARÓN – A CORUÑA
TLF/FAX 981383600/981388178
ceip.asolaina@edu.xunta.es



COMUNICADO ÁS FAMILIAS: **"MOCHILAS VIAXEIRAS"**

- A mochila viaxeira está pensada para reforzar o vínculo entre a familia e a escola no seu labor común para a creación e consolidación de hábitos de lectura.
- Pero sobre todo é unha invitación para disfrutar dos libros en compañía.
- Pedimos a vosa colaboración nesta actividade: contándolles os contos aos pequenos, vendo as películas, escoitando música e anotando as vosas impresións e suxerencias.

NORMAS

1. Dentro de cada mochila irá un listado co contido: unha selección de libros, música, vídeos ... para toda a familia.
2. Podedes tela na casa durante UNHA SEMANA.
3. Con cada mochila irá tamén un caderno viaxeiro no que podedes escribir comentarios sobre as lecturas e impresións e suxerencias sobre material que poidamos adquirir para a biblioteca do centro, ou incluso algún debuxo ou outro tipo de anotación.
4. É moi importante o coidado destes libros e dos materiais e a devolución da mochila no prazo indicado.

**OS LIBROS GUSTAN DA VIAXE E DA SORPRESA, AGARDAN NOS ANDEIS OU
NOS EXPOSITORES POR ESA MAN QUE, AO ABRILS, POÑA EN
FUNCIONAMENTO A MAXIA DA LECTURAS**

Un saúdo e boas lecturas

POR QUE “HORA DE LER”

“O verbo ler non soporta o imperativo. Aversión que comparte con outros verbos: o verbo “amar”..., o verbo “soñar”... Daniel Pennac

Como imos conseguir que disfruten lendo @s nos@s alumn@s, algúns/has del@s con grandes dificultades para “descifrar” o código?

Pois, simplemente, con TEMPO. E para iso servirá a Hora de Ler: para proporcionarlles ese Tempo no que contacten co libro sen medo, sen apuros, sen preocupacións e sen render contas.

Como todas as técnicas, a lectura require práctica; neste caso, unha práctica silenciosa, persoal e sostida. Un exercicio íntimo e persoal que non exclúe, máis ben complementa, a programación escolar dunha aprendizaxe da lectura oral ou comprensiva como competencia en todas as asignaturas do currículo. Non pode ser algo esporádico ou dunha “temporadiña”, debe ser habitual, precisamente para crear hábito. A Hora de Ler trata de mellorar as actitudes de cara á lectura, posibilitando a adquisición das habilidades lectoras sen avalialas. Garantízase ademáis, que todo o alumnado teña a oportunidade dun tempo de lectura no ambiente de silencio, iluminación, tranquilidade, sen interrupcións, apropiado, que pode que non tod@s teñan na casa. Debe ser, maiormente, unha lectura silenciosa porque permite adaptar a lectura ao ritmo de cada nen@ (sen a presión de rematar a tempo), aos seus intereses; permite así mesmo centrarse na comprensión, sen ter que “dar conta” do que le, sen a tensión interna de saber avaliada a súa habilidade ou comprensión lectora como cando le en alto, eliminando mediatizadores externos (timbre e altura de voz, velocidade, entonación, pronunciación, preocupación polo “auditorio” ou a avaliación d@ profesor/a...) e pon en práctica de forma persoal as técnicas lectoras aprendidas previamente.

HORA DE LER NON É

- Un **castigo** : non está destinada a estar en silencio como contraposición a disfrutar xogando, é unha “hora” de relax, outra forma de lecer.
- Unha **asignatura**: non se trata de pedir nada a cambio, non se trata de avaliar

a evolución d@ propi@ nen@, non se trata de mellorar a súa comprensión lectora,....

· Un **traballo**: a hora de ler é de pracer, *non debemos "traballar"* neses 20 minutos de lectura.

HORA DE LER É

- ☺ Son 20 minutos adicados á lectura, polo puro **pracer de ler**.
- ☺ Son 20 minutos de **descanso e de "desconectar"** do ritmo das clases para adicarnos ao noso propio ritmo, o ritmo da lectura.
- ☺ Son 20 minutos para **disfrutar de mirar, de ler, de compartir en silencio**.

ALGUNHAS RECOMENDACIÓNS

- **Como me organizo nesa sesión?**

Simplemente, antes de sair ao recreo, tod@s (@ profe tamén), deixarán a súa mesa recollida, lista para "recibir" o libro que se vai ler á volta do recreo.

- **Como facer que se senten en silencio e comecen a ler, sen máis?**

Os primeiros días seguramente proporcionarán algunha que outra frustración, pero debemos manternos ben segur@s do que pretendemos. Cando cheguen do recreo, non se atenderá ningunha queixa nin discusión, non iremos ao baño, non iremos beber, nin daremos recados... deixaremos TODO para despois de ler (o máis probable é que para entón calquera problema estea xa esquecido). Para facilitar a creación dun clima de calma, convén que nós mesm@s nos sentemos a ler e pidamos que "NON MOLESTEN". Fagamos todo o posible por deixar entrar na nosa aula o ambiente máxico que crea a lectura ...

- **Que deben ler?**

O que queiran, o que lles guste, o que lles interese, o que lles resulte máis fácil, ou máis interesante, ou máis entretido, o que teña máis debuxos, ou o que estea protagonizado por unha personaxe coñecida... En definitiva, o que lles proporcionen pracer. Será normal que, sobre todo ao principio, se levanten con moita frecuencia para cambiar de libro : "Este non me gusta, este me aburre, este xa o lin," Non importa; serán sobre todo @s que teñan máis dificultades para ler @s que lles coste encontrar o seu gusto, pero todo é cuestión de tempo. Poderán cambiar de libro tantas veces queiran (é o primeiro dereito d@ lector/a), mentres respecten o espazo e o silencio d@s demais.

- **De onde traen as lecturas?**

Da casa, da biblioteca da escola, da biblioteca de aula... E se traen unha revista, por exemplo? Que problema habería? Ningún: o caso é que lean, en silencio, que intenten descifrar o que len, e que disfruten facéndoo. Ese é o obxectivo fundamental. A lectura é un instrumento de información e de pracer. Pódese chegar a ela por camiños inimaxinables. Só deberemos verificar que sexan adecuadas á súa idade e non revistas ou libros que nunca permitiríamos nas aulas polos seus contidos indebidos.

Pequenos detalles, como facer un marcapáxinas co nome de cada un/ha, para "reservar" ese libro que están a ler, permitirilles uns minutiños namentras os recollen para recomendarse os libros entre el@s, intercambiar os que traen da casa cos/as compañeir@s... poden facer máis acolledora esta Hora de Ler. O que si é imprescindible é que @ profesor/a que esté con el@s, amose entusiasmo e gusto polo que está a ler e LEA SEMPRE NESE TEMPO con el@s, pois somos o modelo adulto a imitar, cunha boa postura e atención. O noso exemplo será un alicerce moito máis importante que calquera advertencia ou suxerencia. Pequenos "trucos" poden axudarnos a demostrar ese interese ("un segundiño, que chego a un punto", "que rabia, que non me deu tempo a rematar este capítulo que está tan ben"...



UN PAR DE SUXESTIÓNS PARA AS FAMILIAS:



"LA LECTURA Y LA VIDA"
Como incitar aos nenos e adolescentes á lectura: unha guía para nais, pais e mestres.
Un libro de **Emili Teixidor.**

"NUEVOS CUENTOS PARA ANTES DE IR A DORMIR"
Eduard Estivill. Ed. Planeta



Máis información sobre todo o que rodea aos libros no blog da nosa biblioteca:
<http://biblioandrade.blogspot.com>



"LER EN FAMILIA"
BIBLIOTECA CEIP ANDRADE



DECÁLOGO LECTURA

Unha familia comprometida coa lectura...



1. É aquela que anima a ler antes de que o seu fillo ou filla saiba ler. Proporcionar a nenos e nenas libros ben ilustrados para que se recreen mirando as imaxes é un bo xeito de comezar a amar a lectura.

2. É aquela que conta contos aos seus fillos e fillas, lle recita rimas e poesías, le en voz alta e enche os seus oídos de musicalidade e de maxia.



3. É aquela que dá exemplo lendo libros, revistas, xornais e permite que os seus fillos e fillas os sorprendan frecuentemente cun deles nas mans.



"LA LECTURA Y LA VIDA" Como incitar aos nenos e adolescentes á lectura: unha guía para nais, pais e mestres. Un libro de Emili Teixidor.

"NUEVOS CUENTOS PARA ANTES DE IR A DORMIR" Eduard Estivill. Ed. Planeta

Máis información sobre todo o que rodea aos libros no blog da nosa biblioteca: <http://biblioandrade.blogspot.com>

UN PAR DE SUXESTIÓNS PARA AS FAMILIAS:

"LER EN FAMILIA" BIBLIOTECA CEIP ANDRADE
DECÁLOGO LECTURA Unha familia comprometida coa lectura...

1. É aquela que anima a ler antes de que o seu fillo ou filla saiba ler. Proporcionar a nenos e nenas libros ben ilustrados para que se recreen mirando as imaxes é un bo xeito de comezar a amar a lectura.
2. É aquela que conta contos aos seus fillos e fillas, lle recita rimas e poesías, le en voz alta e enche os seus oídos de musicalidade e de maxia.
3. É aquela que dá exemplo lendo libros, revistas, xornais e permite que os seus fillos e fillas os sorprendan frecuentemente cun deles nas mans.

Unha familia comprometida coa lectura...



4. É aquela que acompaña aos seus fillos e fillas a visitar exposicións, que asiste a funcións de monicreques ou teatro e a outros espectáculos culturais para ir afinando a sensibilidade e a imaxinación dos seus pequenos.

5. É aquela que comparte e comenta as lecturas dos seus fillos e fillas.



6. É aquela que acompaña aos seus fillos e fillas aos lugares onde están os libros (librerías e bibliotecas) para mirar e seleccionar xuntos e animaos a acudir á biblioteca escolar do colexio.

7. É aquela que fomenta e coida biblioteca familiar ou persoal e destina na súa casa un espazo adecuado para iso, un espazo de fácil acceso onde se irán colocando os libros regalados ou comprados, pero tamén as revistas do colexio ou os libriños que poidan ir facendo na clase, álbumes de cromos e de fotos, etc.



Unha familia comprometida coa lectura...

8. É aquela que aprecia e le, cos seus fillos e fillas, as publicacións que se fan no colexio.



9. É aquela que comprende que a compra dun libro non é algo excepcional. Os libros son portadores da fantasía, dos recordos, da historia, da cultura e non deberían faltar na infancia de ningún neno, de ningunha nena.

10. É aquela que se ocupa de ver algúns programas de televisión, películas de vídeo, etc. cos seus fillos e fillas e que, xuntos, comentan e comparten a experiencia. Nada lograremos opondo a lectura ou os libros aos medios audiovisuais. É preferible a estratexia da convivencia á do enfrontamento.



Un libro sempre é unha oportunidade para a sorpresa e para o encontro.

Adaptación e tradución do decálogo de Mariano Coronas Cabrero (Mestre de Primaria e bibliotecario escolar)

Unha familia comprometida coa lectura...

4. É aquela que acompaña aos seus fillos e fillas a visitar exposicións, que asiste a funcións de monicreques ou teatro e a outros espectáculos culturais para ir afinando a sensibilidade e a imaxinación dos seus pequenos.

5. É aquela que comparte e comenta as lecturas dos seus fillos e fillas.

6. É aquela que acompaña aos seus fillos e fillas aos lugares onde están os libros (librerías e bibliotecas) para mirar e seleccionar xuntos e animaos a acudir á biblioteca escolar do colexio.

7. É aquela que fomenta e coida a biblioteca familiar ou persoal e destina na súa casa un espazo adecuado para iso, un espazo de fácil acceso onde se irán colocando os libros regalados ou comprados, pero tamén as revistas do colexio ou os libriños que poidan ir facendo na clase, álbumes de cromos e de fotos, etc.

Unha familia comprometida coa lectura...

8. É aquela que aprecia e le, cos seus fillos e fillas, as publicacións que se fan no colexio.

9. É aquela que comprende que a compra dun libro non é algo excepcional. Os libros son portadores da fantasía, dos recordos, da historia, da cultura e non deberían faltar na infancia de ningún neno, de ningunha nena.

10. É aquela que se ocupa de ver algúns programas de televisión, películas de vídeo, etc. cos seus fillos e fillas e que, xuntos, comen- tan e comparten a experiencia. Nada lograremos opondo a lectura ou os libros aos medios audiovi- suais. É preferible a estratexia da convivencia á do enfrontamento .

Un libro sempre é unha oportunidade para a sorpresa e para o encontro


Adaptación e traducción do decálogo de Mariano Coro- nas Cabrero (Maestro de Primaria e bibliotecario escolar)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP “ A SOLAINA “
R/ Cardenal Cisneros, s/n
15570 Narón
A Coruña
Telef 981 383 600
ceip.asolaina@edu.xunta.es

APRENDENDO E DISFRUTANDO XUNTOS...



Programa “Mochila Viaxeira”

Biblioteca CEIP A Solaina

Curso 2009-2010



Que levo na miña mochila viaxeira para nós?


6º curso de Educación Primaria

Os libros

- *Contos de Trasancos*, de Eva Merlán Bollain
- *Arredor de sí*, de Otero Pedrayo
- *Vouche contar un conto...*
- *El aniversario de Astérix & Obélix.*
- *El país de Juan*, Maria Teresa Andruetto.
- *Aventuras de Sol*, Alberto Avendaño.

O cd

- *JONAS BROTHERS. The concert experience.*



A colaboración no programa “Mochilas Viaxeiras”

Estimados/as pais/nais/ titores/as,

A biblioteca do Colexio, en expansión nos últimos anos e inmersa en diversas actividades e iniciativas para fomentar o tan necesario hábito de lectura nos nenos e nenas, súmase neste curso 2009-2010 a unha interesante iniciativa promovida dende a Asesoría de Bibliotecas Escolares da Xunta de Galicia: o programa “Mochilas Viaxeiras”.

Dita actividade, que vos presentamos con anterioridade, comeza a súa andaina.

O **contido** da mochila (libros, películas, cds...) é para **compartir** e **desfrutar** entre todos.
PASADE UN BO RATO!

Contádenos as vosas impresións, suxerencias... para esta actividade

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Normas de uso da mochila viaxeira



Dende o colexio procurarase manter activo este programa, mais na búsqueda dun resultado satisfactorio, é preciso que entre todos cumpramos unhas normas.

- ✓ Cumprir o prazo máximo de estadia da mochila na casa -de xoves a xoves-, polo que non excederá dunha semana.
- ✓ Entregala ao titor do curso, sempre en boas condicións, para que poida facilitárselle á seguinte familia.
- ✓ Facilitar, a través do impreso que se achega, as impresións, suxestións, valoracións... da súa participación neste programa para que, entre todos, poidamos melloralo.

Agardamos que esta actividade sexa do voso agrado e que sirva para que pasedes un bo rato cos vosos fillos.

Co material da mochila viaxeira poderedes viaxar con eles e descubrir novos mundos. E, se cadra, o máis importante: lembrar que, como di o libro de El Principito, “tódalas persoas maiores fomos primeiro nenos”.

